

## 1. Datos do proxecto

### Título

“A adquisición das competencias básicas como unha realidade multidisciplinar compartida”

### Autores

FERREIRO GONZÁLEZ, Carlos  
VILLAR MARCOS, Ovidio

### Centro

32016777 – IES Carlos Casares

### Sinopse da boa práctica

A adquisición de competencias por parte do alumnado debe ser unha tarefa na que todo o claustro se embarque de forma consensuada e corporativa. As liñas de actuación que traballamos son: crear un bo clima de centro, basear unha grande parte da aprendizaxe no traballo por proxectos e utilizar as novas tecnoloxías para producir recursos útiles e atractivos para o alumnado.

### Delimitación de campo de traballo

Toda a Educación Secundaria Obrigatoria e en todas as áreas, con proxección ao Bacharelato e ao Ciclo Formativo de Atención a Persoas en Situación de Dependencia.

### Modalidade

D) Desenvolvemento das competencias básicas

## 2. Contextualización na organización do centro: xustificación e documentos de organización do centro nos que se incorpora a boa práctica

O IES Carlos Casares de Viana do Bolo, está situado na alta montaña oriental ourensá, illada dos centros de difusión culturais e económicos (Ponferrada a 95 Km. e Ourense a 125 Km.). Presenta unha gran dispersión demográfica e atende a 4 concellos (Viana do Bolo, Vilariño de Conso, A Veiga e A Gudiña, xa no Bacharelato). Gran parte do noso alumnado realiza poucas saídas do seu territorio, polo cal o coñecemento "real" do mundo, por riba da aprendizaxe académica, presenta serias carencias. En moitas ocasións, desde as propias familias, non se valora o estudo como unha vía de desenvolvemento cara o futuro laboral e económico. A crise da burbulla inmobiliaria fixo que saídas inmediatas e aparentemente "doadas", como as pizarreiras de Valdeorras, xa non sexan tan viables e certa sensación de desencanto e fracaso invade esta área de Galicia.

As prácticas educativas que transcenden o simple seguimento da programación de contidos e que tratan de integrar no alumnado unha "vivencia da aprendizaxe" resultan, indiscutiblemente, as máis exitosas. Neste contexto, tras o primeiro Claustro anual, adicamos unha sesión de tarde fóra de horario a trasladar a todo o profesorado os diferentes tipos de proxectos e actividades de innovación que o noso IES acomete, e buscamos que, de xeito voluntario, se integren nalgunha delas.

No pasado ano académico, o grao de satisfacción foi moi alto, e na seguinte táboa temos un cadro sinóptico de cada actividade e a súa xustificación, pedagóxica e documental.

Os diferentes documentos de organización no centro nos que se incorpora a boa práctica son os seguintes:

- Regulamento de Réxime Interno (RRI)
- Acordo asinado do Irmanamento coa UE Timoteo Rondales de Bermejo (Bolivia)
- Diferentes proxectos e memorias levados a cabo tanto no Plan Proxecta como nos Contratos-Programa
- Memoria do Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares (DACE)
- Revista Dixital "O Choupín (<http://www.ochoupindixital.blogspot.com>)
- Memorias dos diferentes Departamentos Didácticos
- Programación Xeral Anual (PXA)
- Aula Virtual (<http://www.edu.xunta.es/centros/iescarloscasaresviana/aulavirtual/>)
- Memoria PLAMBE

No seguinte apartado, "*Actuacións desenvolvidas: concreción, relación cos documentos do centro/aula, temporización, espazos...*", e unha vez descritas as actuacións desenvolvidas, aparece unha táboa na que se analiza a relación de cada unha das actividades que as conforman cos diferentes documentos de centro.

### 3. Actuacións desenvolvidas: concreción, relación cos documentos do centro/aula, temporización, espazos...

#### **Actuación 1: “A mellora da convivencia como base para o éxito escolar”**

A Senda da Convivencia é un proxecto veterano no noso IES. Traballa en tres niveis de contorna: o nivel máis inmediato a cada membro da comunidade educativa (a través da resolución pacífica de conflitos grazas á Mediación Escolar), o nivel máis inmediato á comunidade educativa en xeral (a través do Voluntariado do centro) e o nivel máis externo ou global (a través do noso proxecto de cooperación coa UE Timoteo Rondales de Bermejo SC, Bolivia). A través desta senda, pretendemos minimizar o impacto dos conflitos na vida do centro e crear, a través do diálogo, un clima adecuado para que a actividade educativa se desenvolva satisfactoriamente.

Mediadores e mediadoras promoven a comunicación entre aquelas persoas da comunidade educativa que así o solicitan, de forma autónoma e totalmente hermética. Este é un equipo xeralmente formado por diferentes membros da comunidade educativa: alumnado, familias, profesorado e persoal non docente. En canto ao Voluntariado do centro (o IES Carlos Casares é entidade de voluntariado dende hai anos), encárgase de diferentes tarefas, como pode ser a venda de gorros bolivianos elaborados baixo o amparo do comercio xusto, o control das aulas do centro para determinar cal resultará premiada por ser a máis ecolóxica ou a apertura da biblioteca fóra do horario de clase. En calquera dos dous casos, o noso alumnado mediador e voluntario responde ao perfil dunha persoa con autonomía e iniciativa persoal, o que nos permite basear no éxito desta competencias básica da ESO a adquisición de todas as demais.

A través do proxecto de cooperación con Bolivia podemos traballar, de forma simultánea coa Unidade Educativa Timoteo Rondales e alén a distancia, outras competencias básicas como poden ser a social e cidadá e a lingüística (intercambio epistolar e certames literarios convocados conxuntamente), a matemática e a cultural e artística (a través do noso Certame Internacional de Fotografía Matemática, que cumpre unha década e ao que se uniron recentemente países como Colombia ou a República Checa), etc.

Durante o curso 2012-13, o alumnado voluntario e mediador do IES Carlos Casares participou, no marco do Plan Proxecta, no programa “Rede de Centros Escolares Solidarios”, cuxo produto final foi a rodaxe dunha micromovie na que se pode visualizar a fondo todo o relativo ao proceso de mediación escolar.

Traballando na mesma liña da convivencia, hai outros dous grupos no noso IES que necesariamente deben figurar neste apartado: o Grupo de Teatro Talía e o Grupo de Canto e Expresión Corporal IES Carlos Casares. Ás veces non sabemos moi ben onde remata un e comeza outro, xa que en moitas das actividades que levan a cabo se fusionan para obter un resultado óptimo. As premisas baixo as que estes dous grupos traballan son: a convivencia, o traballo cooperativo, a socialización do alumnado no centro, a interdisciplinidade, a creatividade e a imaxinación e diferentes competencias: lingüística (comunicación), o coñecemento e interacción co mundo físico, a social e cidadá, a cultural e artística, aprender a aprender, e de autonomía e iniciativa persoal.

## Actuación 2: “O traballo por proxectos”

A mellor forma de traballar a interdisciplinabilidade na aula é a través dun proxecto que integre contidos de diferentes áreas. Así, cada unha delas terá sentido traballada de forma conxunta coas demais, e o logro das diferentes competencias será un proceso máis natural e efectivo. Durante o curso pasado, no noso IES desenvolvéronse unha serie de proxectos, todos eles integrados na programación anual de actividades, e coa finalidade de situar ao noso alumnado en condicións ben de promocionar, ben de titular, a través da adquisición das oito competencias básicas. Entre todos eles abranguen ao alumnado da ESO, Bacharelato, Ciclo Formativo e, tamén, ao profesorado.

- Galicons-Net (Plan Proxecta): publicidade e xénero, dous contidos que convén traballar tanto de forma conxunta coma separada. A educación en igualdade é unha das prioridades educativas do noso IES. Programado para 4º de ESO.
- Consumópolis (Plan Proxecta): educación para o consumo, a través da rede. Programa interactivo moi interesante e con posibilidade creativa na segunda fase do concurso. Obtivo un gran éxito no grupo de diversificación curricular. Programado para 4º de ESO.
- Consumindo nun mundo desigual: realización de actividades de Educación para o Desenvolvemento. Programado para toda a ESO e Bacharelato. Realizado con alumnado de 4º ESO e Programa “Quero Máis”, de procura da excelencia académica.
- Elaboración dun estudo estatístico: a mellor forma de conectar as matemáticas coa realidade. O alumnado diseña unha enquisa, obtén os datos, introdúceos no ordenador e realiza o tratamento estatístico e gráfico dos mesmos, extrae as súas propias conclusións e, finalmente, expón o traballo ao resto do grupo. Froito deste proxecto son traballos como: “Vida sana e dieta equilibrada”, “O IMC no Carlos Casares” ou “Faltas de Ortografía”, de 1º e 4º da ESO. Para 1º de ESO e 4º de ESO. En total, preto dunha ducia de traballos de diferentes grupos foron presentados ao III Concurso Incubadora de Sondaxes (SGAPEIO).
- A posta en práctica do método científico: non é posible coñecer a ciencia sen experimental. Pensamos que a mellor forma de aprender ciencia é facendo ciencia: dende o deseño dun experimento ata a exposición oral da teses apoiándose nunha presentación interactiva. Esta forma de traballar a ciencia tivo como consecuencia a presenza de diferentes traballos producidos polo alumnado en diferentes congresos e certames científicos autonómicos e nacionais: Don Bosco, Luis Freire, etc. Concretamente no caso do certame Luis Freire, un dos traballos enviados o ano pasado foi seleccionado como finalista: *Que millo crece antes e con mellor aspecto, o natural ou o transxénico?* Programado para 1º, 3º e 4º de ESO.
- Aulas Ecolóxicas: o grupo de alumnado voluntario supervisa de forma autónoma o control de todas as aulas de grupo do IES en aspectos como “luces apagadas cando non fan falla”, “aulas limpas e material ben coidado” ou “fiestras pechadas coa calefacción acesa”. A aula máis ecolóxica obtén un premio. Programado para todos os niveis de ensino.
- “A práctica das 3R” é unha unidade didáctica levada a cabo na aula de diversificación curricular, cunha idea clara: concienciar ao alumnado da importancia

de reducir, reutilizar e reciclar, e por esa orde. Froito deste traballo, nace “Coida o que tes”, un proxecto de divulgación en materia de autoxestión de residuos e coidado do material redactado e levado á práctica polo alumnado de 4º de PDC. Dito proxecto, foi seleccionado para participar no I Congreso Escolar ReAcción sobre residuos, convocado polo CEIDA. Consideramos que este tipo de accións aumentan tanto a autoestima nun alumnado precisamente desmotivado como tan o nivel de diferentes competencias como a dixital, a de autonomía e iniciativa persoal, aprender a aprender ou lingüística.

- Rede de Centros Escolares Solidarios (Plan Proxecta): proxecto xa mencionado na anterior actuación. Programado para todos os niveis educativos.
- Froita Escolar (Plan Proxecta) e Xogade (Plan Proxecta): unha alimentación equilibrada e a práctica regular de exercicio físico son actitudes que tratamos de transmitir ao noso alumnado. Programados para todos os niveis da ESO e para 1º, 2º e 3º de ESO respectivamente.
- Clases sen fume (Plan Proxecta): a idade de iniciación ao mundo do tabaco é cada vez menor. Por iso traballamos en proxectos coma este, fundamentalmente no primeiro ciclo da ESO. Programado para 1º e 2º de ESO.
- Quérote + (Plan Proxecta): achegamos ao alumnado á realidade social que o rodea, para coñecela, aceptala ou mudala, aprender a decidir, etc. Programado para 3º de ESO.
- Salvavidas (Plan Proxecta): valores coma o altruísmo, a solidariedade ou o aprezo á vida son transmitidos neste programa a través de diferentes contidos e vivencias en primeira persoa. Programado para 3º de ESO.
- Climántica (Plan Proxecta): un maior coñecemento do clima promove un mellor coñecemento dun mesmo. Programado para 4º de ESO.
- Proxecto TERRA (Plan Proxecta): percorrido dunha etapa do Camiño de Santiago, dende o Alto do Poio a Triacastela. Programado para 3º e 4º de ESO.
- Proxecto ABALAR: Materiais producidos por un grupo de profesorado para desenvolver diferentes capacidades e competencias básicas no 1º ciclo da ESO. Todos eles figuran na Aula Virtual do IES.
- Feira das Ciencias: alumnado voluntario das áreas de ciencias preparan experimentos para contalos ao público dende os diferentes stands. A autonomía e a iniciativa persoal é unha das principais aprendizaxes que se promoven, ademais da competencia comunicadora, científica, de interacción co mundo físico... Esta actividade, que xa vai pola quinta edición, realízase aproveitando a visita do alumnado de 6º de primaria, que o ano seguinte se matricula no noso centro.

### **Actuación 3: “A avaliación inicial de competencias”**

Dende hai anos, no IES Carlos Casares realizamos a finais de setembro a avaliación inicial de competencias. Aínda que cada docente avalía durante o curso a adquisición de competencias por parte do alumnado na súa área, esta proba, deseñada de xeito común por todo o claustro, achéganos a unha realidade obxectiva, evitando fenómenos como que unha mesma persoa teña “diferentes” niveis de competencia, por exemplo, na interacción co mundo físico.

Cada ano incorporamos novas competencias a esta avaliación inicial. Neste curso, xa avaliamos a competencia matemática, a lingüística, a dixital, a social e cidadá e a de interacción co mundo físico. As probas son deseñadas e corrixidas polo profesorado. En dous días, todo o alumnado da ESO realizou esta avaliación inicial. A nosa intención é que esas mesmas probas se repitan nos últimos días do curso, para comprobar a mellora e evolución do alumnado, sobre todo nas competencias que habitualmente teñen un peso conceptual menos evidente (social e cidadá).

As sucesivas etapas educativas teñen que ser realmente continuación unhas das outras, non só temporalmente, senón tamén no seguimento do alumnado. É por iso que consideramos moi importante que o propio día da avaliación do primeiro curso da ESO participe na mesma o profesorado dos colexios de primaria adscritos (CEIP Bibeí de Viana do Bolo, CEIP San Martiño, de Vilariño de Conso e CEIP Eduardo Ávila Bustillo, de A Veiga) que lles deron clases o curso anterior a estes rapaces e rapazas.

#### **Actuación 4: “As posibilidades das novas tecnoloxías”**

Son moitos os aspectos no mundo da educación que conseguen mellorarse cando unha actividade involucra ás novas tecnoloxías. Fundamentalmente traballamos en dous eidos: xestionando os recursos educativos producidos polo profesorado a través da Aula Virtual do IES e potenciando a comunicación e a expresión a través de diferentes actividades multimedia ou na propia web. As principais actividades levadas a cabo o curso pasado neste sentido foron as seguintes:

- Xestión e mantemento da aula virtual do IES, que integra, ademais dos contidos producidos no Programa ABALAR, todos aqueles que o profesorado crea e integra nos diferentes cursos.
- Edición da Revista Dixital O Choupín: a vida do noso IES aparece reflectida neste blogue, cuxo enderezo é <http://www.ochoupindixital.blogspot.com>. Nel ten cabida calquera actividade de aula, complementaria, extraescolar, de opinión... Toda a comunidade educativa participa enviando as súas crónicas e imaxes. No caso do alumnado, é unha boa maneira de traballar diversas competencias. Para toda a comunidade educativa.
- Rodaxe dunha micromovie sobre a mediación escolar no Carlos Casares, xa descrita anteriormente, no marco do proxecto “Rede de Centros Escolares Solidarios”.
- Rodaxe da curta “Game Over”, seleccionada para participar en “Les 20e rencontres lycéennes de vidéo à Bagnères de Bigorre”.
- Rodaxe da curta “Grease vs Thriller”:
- Rodaxe do lipdub “Caminante”, actividade coordinada polo grupo de Música de 1º de Bacharelato. Esta actividade conseguiu integrar a toda a comunidade educativa, mesmo a persoas que pertenceron a ela con anterioridade.
- X Certame Internacional de Fotografía Matemática: participan diferentes países de todo o mundo. Integramos na aula contidos coma a fotografía dixital ou o tratamento de imaxe a través de talleres-obradoiro.
- Montaxe festivais Nadal e Fin de Curso.

- Montaxe Feira das Ciencias.
- Elaboración de diferentes unidades didácticas para a pizarra dixital interactiva (PDI), tanto para a ESO como para o Bacharelato.
- Creación de blogues de aula.

### **Actuación 5: “Atendendo á diversidade: Contratos-Programa”**

O IES Carlos Casares de Viana participou no Programa PROA desde a súa orixe. Os resultados teñen sido moi significativos, incidindo na mellora do éxito escolar e na porcentaxe de titulación na ESO. O nivel social, económico e educativo da bisbarra é baixo, segundo os datos ISEC da avaliación de diagnóstico realizada pola Xunta de Galicia. Realmente coincide coa apreciación xeral do profesorado que manifesta que temos un alumnado respectuoso, afable cos e coas docentes, pacífico e non disruptivo, pero con baixa motivación cara o estudo.

Desde hai seis cursos iniciamos unha aposta forte pola atención á diversidade do alumnado con maiores dificultades por diferentes causas. Neste punto, temos que dicir que obtivemos moi bos resultados chegando a valores de titulación na ESO, dependendo do curso, que supera o 80%, con anos dun 100% de titulación.

A atención á diversidade por “abaixo” fixo que adicásemos tempo, recursos e financiación aos diferentes programas. Pero notamos algo que, a nivel de dirección e Claustro, nos preocupa. O alumnado de bos resultados non parece mostrar interese en mellorar. Costa moito convencerlos a que realicen traballos extraordinarios ou participen de convocatorias externas. Cando o fan, non amosan interese por acadar bos resultados ou, en algún caso, abandonan ao inicio. En certames como os premio extraordinarios de ESO, de Bacharelato, concurso hispanoamericano de ortografía, modelo de parlamento europeo, olimpíadas matemáticas, olimpíada de bioloxía, certames de literatura ou fotografía do propio centro; o alumnado non acada niveles óptimos. Sempre temos candidatos e candidatas, pero non conseguimos unha motivación adecuada. Curiosamente, como exemplo, dúas alumnas do centro acadaron o premio extraordinario de ESO á superación persoal, pero ningún ou ningunha á excelencia.

A medida principal para a atención ás necesidades educativas especiais ou de reforzo académico foi unha acción similar ao programa PROA desenvolto ata o de agora. Polo tanto, baseámonos en catro sesións de reforzo, orientación e apoio co alumnado semanais ao longo de todo o curso, fora do horario escolar, unido a determinadas accións de coordinación coas actividades lectivas e no marco da educación inclusiva.

No plano da procura da excelencia, a nivel xeral o logro principal que se pretende coa actuación é motivar a un grupo de alumnado que parte dun nivel adecuado de éxito cara a excelencia. Sentiamos como unha necesidade imperiosa actuar neste novo nivel e implantar este programa titulado, “Quero mais! ”, para ese alumnado con capacidade media é alta, do que se pretende extraer o máximo potencial para o desenvolvemento pleno das súas competencias académicas e persoais. Sabiamos que partimos da necesidade de motivalos para ese fin xa que detectamos que o espírito de superación non caracteriza ao alumnado do centro, como norma xeral.

O alumnado destinatario ía ser, en principio o de 2º, 3º e 4º da ESO. Pensabamos excluír 1º, ao considerar que esta toma de contacto inicial co centro, xa requería eses 10 meses de adaptación e tamén de análise valorativo do seu potencial por parte do Departamento de Orientación. Sen embargo, a realidade académica do curso 2012-13 aconsellou aproveitar un gran potencial de rendemento e motivación dese 1º de ESO, e introducimos a varios estudantes dese grupo. A asistencia ao programa tivo, como non, carácter voluntario tras unha entrevista previa co alumno/a e a súa familia. Nun principio, plantexáramos a entrada no “Quero máis!”, a estudantes cunha nota media de 7 ou superior, aínda que ante demandas excepcionais podería valorarse cada caso co titor, familia e orientador. Despois, comprobamos que a media non era un elemento relevante, e sí outros aspectos como a voluntariedade na solicitude ou a procura dunha mellor autoestima.

As actividades realizadas foron moi variadas: Argumentación e uso de probas: O método científico; Mellora da creatividade; Obradoiro de escritura creativa.; Ampliación do itinerario lector; A estatística e as TIC como ferramentas para comprender e representar fenómenos sociais; Traballos por proxectos; Preparación de concursos científicos, artísticos e literarios, externos ao centro, que fomenten a excelencia.

Os resultados acadados só poden ser cualificados de excelentes: dos 16 alumnos e alumnas do programa de excelencia, 15 melloraron cuantitativamente as súas calificacións, (o que supón un 93,75 %), tomando como referencia a media aritmética de todas as materias da primeira avaliación e a avaliación final. Houbo un único caso dunha baixada (de 0,33 p). O caso individual cunha mellora máis baixa, foi un incremento de 0,33 puntos e, a máis alta, espectacular, de 2,11 puntos. Cos datos da avaliación de xuño, o 76,6 % do alumnado de 4º de ESO atópase en condicións para ser proposto para o título de Graduado en ESO. Do resto, un 13,3 % está a unha materia recuperada de poder titular, co que, con casi total seguridade, cumpriremos con creces o obxectivo de manter a titulación por riba do 80 %. Respondendo a un dos indicadores comprometidos, un total de 6 alumnas e alumnos do “Quero Máis” estarían en condicións de concurrir aos Premios Extraordinarios da ESO no seu momento, xa que teñen unha nota media superior a 9 puntos. Aumentou a participación en actividades externas en todos os cursos (Concurso de cartas Dillo a quen maltrata, Certame poético de Baza – Granada, Microrrelatos, etc) e foron desenvolvidas en Galicia e, algunhas, en Francia.

Relación de actividades, actuacións, xustificación, documentos nos que aparecen, temporalización e espazos de traballo:

ACTIVIDADE	ACTUACIÓN	XUSTIFICACIÓN	DOCUMENTO	TEMPORALIZACIÓN	ESPAZOS
Presentación nas aulas do Equipo de Mediación Escolar e as súas funcións	1	Necesidade de promover o concepto positivo de conflito e valorar as solucións dialogadas.	RRI	1º trimestre (Presentación) Anual (Actuacións)	Aula.



Relación epistolar con Bermejo-Bolivia	1	Mantemento a relación de Irmanamento coa U.E. Timoteo Rondales	Acordo asinado do Irmanamento.	Anual	Aulas.
Rodaxe da Micromovie Solidaria Un final feliz . Participación na Rede de Centros Escolares Solidarios	1, 2, 4	Promoción dos valores do voluntariado.	“Proxecto de Rede de Centros Solidarios” (Plan Proxecta)	3º trimestre	Todo o centro.
Galicons-Net e Consumopolis (Plan Proxecta) e Consumindo nun mundo desigual:	2, 4	Concienciación dos dereitos e deberes como consumidores e precaución ante as manipulacións por razóns de xénero	Memoria Actividades do Plan Proxecta. Memoria Contratos Programa.	Anual	Aulas de 4º ESO. Aula de Informática.
Elaboración dun estudo estatístico.	2, 4, 5	Coñecemento da realidade social a través das Matemáticas.	Memoria DACE.	Fundamentalmente 2º trimestre (con preparación previa e conclusións posteriores)	Aula de Informática.
Posta en práctica do método científico	2, 5	Acercamento á investigación e experimentación científica	Memoria Contratos-Programa. Memoria DACE.	2º e 3º trimestre	Aulas. Laboratorios . Aula Magna.
Aulas Ecolóxicas	1, 2	Autoxestión da vida do centro	Memoria DACE. Revista dixital O Choupín	Anual	Aulas de grupo.
A práctica das 3R	1, 2, 4	Coidado do entorno natural e social inmediato	Memoria DACE. Revista dixital O Choupín.	Anual	Aulas de grupo. Aula de Informática. Laboratorio de Bioloxía.

Quérote +	1, 2, 5	Mellora da autoestima e a imaxe corporal e afectiva.	Memoria DACE. Memoria Actividades do Plan Proxecta.	Anual	Aulas de grupo.
Climántica e Proxecto Terra	2	Recoñecemento do propio espazo físico e cultural.	Memoria DACE. Memoria Actividades do Plan Proxecta.	Anual	Laboratorios . Corredores (exposicións ). Saídas
Proxecto ABALAR	2, 4, 5	Necesidade de elaboración dun material pedagóxico dixital atractivo e innovador. (1º ciclo da ESO)	Memoria Dpto. Plástica. Programación Xeral Anual.	Anual	Aulas de grupo e Aula Informática.
Avaliación Cero	3, 4	Coñecemento do punto de partida académico e motivacional do alumnado.	Revista dixital O Choupín. PXA.	1º trimestre. 3º trimestre	Aula Magna. Aula Informática. Sala do Profesorado.
Xestión e mantemento da aula virtual do IES	3, 4, 5	Necesidade de elaboración dun material pedagóxico dixital atractivo e innovador. (ESO e Bacharelato)	Aula Virtual do IES	Anual	Aula Informática. Departamentos.
Edición da Revista Dixital O Choupín	1,2,4	Divulgación da vida do centro a través e para toda a comunidade educativa.	Revista dixital O Choupín. Memoria DACE	Anual	Aula Informática.
Rodaxe das curtas Game Over e Grease vs Thriller.	1, 4	Manexo das TIC. Desenvolvemento da creatividade e competencia artística.	Revista dixital O Choupín.	Anual	Centro e exteriores. (Viana do Bolo, Chaves-Portugal)
Rodaxe do lipdub Caminante	1,2,4,5	Integración de toda a comunidade nun proxecto común. Competencia artística.	Revista dixital O Choupín. Memoria DACE. Memoria Dpto. Música	2º e 3º trimestre	Centro.

X Certame Internacional de Fotografía Matemática	1, 4	Fomento do Irmanamento con Bermejo-Bolivia. Achegamento a outros países (Chequia e Colombia) Aplicación lúdica e artística das Matemáticas	Revista dixital O Choupín. Memoria DACE. Memoria Dpto. Matemáticas.	Anual	Viana do Bolo, Bermejo-Bolivia, Bogotá-Colombia, Huila-Colombia, Brno-Chequia...
Grupo de Teatro Talía	1	Fomento da creatividade e competencia artística	Memoria PLAMBE, Memoria Dpto. Latín. Memoria DACE. Revista dixital O Choupín	Anual	Aula Magna.
Contratos-Programa	1,2,4,5	Mellora de rendemento académico e procura da excelencia	PXA. Memoria Contratos-Programa. Revista dixital O Choupín. Memorias didácticas dos Dptos.	Anual	Aulas de grupo. Aula Informática. Laboratorios .
Salvavidas, Clases sen fume, Froita escolar	2	Atención a determinadas demandas sociais na liña dunha vida sá, tanto propia coma allea.	Memoria DACE, Memoria Actividades do Plan Proxecta	Anuais	Aulas. Corredores do IES. Aula Magna. Patio.
Feira das ciencias	1, 2, 4, 5	Promoción da experiencia científica como base para o coñecemento do mundo físico	Revista dixital O Choupín, Memoria DACE.	Terceiro trimestre	Corredores do IES. Patio.
Creación de unidades didácticas, en xeral	1, 2, 3, 4, 5	Creación dun material propio adecuado ás características do alumnado do IES	Aula Virtual, Memoria ABALAR.	Anual	Aulas. Aula de Informática. Aula Virtual.
Participación en certames externos	1, 2, 4, 5	Valoración do alumnado das súas propias	Memoria DACE.	Anual	Aulas. Aula de Informática.

		capacidades, aumento da autoestima, procura da excelencia.			
--	--	--	--	--	--

Tendo en conta as competencias básicas:

1. Competencia en comunicación lingüística.
2. Competencia matemática.
3. Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico.
4. Tratamento da información e competencia dixital.
5. Competencia social e cidadá.
6. Competencia cultural e artística.
7. Competencia para aprender a aprender.
8. Autonomía e iniciativa persoal.

podemos relacionar cada unha das actividades coas competencias que se pretenden incorporar ou reforzar na súa práctica:

ACTIVIDADE	COMPETENCIAS
Presentación nas aulas do Equipo de Mediación Escolar e as súas funcións	1, 5, 6, 7, 8
Relación epistolar con Bermejo-Bolivia	1, 5, 6, 7, 8
Rodaxe da Micromovie Solidaria Un final feliz . Participación na Rede de Centros Escolares Solidarios	1, 5, 6, 7, 8
Galicons-Net e Consumopolis (Plan Proxecta) e Consumindo nun mundo desigual:	1, 4, 5, 6, 7, 8
Elaboración dun estudo estatístico.	Todas
Posta en práctica do método científico	1, 2, 3, 4, 5, 7, 8
Aulas Ecolóxicas	3, 4, 5, 7, 8
A práctica das 3R	Todas
Quérote +	5, 7, 8
Climántica e Proxecto Terra	1, 3, 5, 6, 7, 8
Proxecto ABALAR	todas
Avaliación Cero	Todas, e de forma explícita 1, 2, 3, 4, 5
Xestión e mantemento da aula virtual do IES	1, 4, 5, 6, 7, 8
Edición da Revista Dixital O Choupín	1, 4, 5, 6, 7, 8
Rodaxe das curtas Game Over e Grease vs Thriller.	1, 4, 5, 6, 7, 8

Rodaxe do lipdub Caminante	1, 4, 5, 6, 7, 8
X Certame Internacional de Fotografía Matemática	Todas
Grupo de Teatro Talía	1, 5, 6, 7, 8
Contratos-Programa	Todas
Salvavidas, Clases sen fume, Froita escolar	3, 5, 7, 8
Feira das Ciencias	Todas
Creación de unidades didácticas, en xeral	Todas
Participación en certames externos	Todas

#### 4. Recursos e materiais utilizados

##### a. Relación de recursos empregados.

O conxunto de materiais e recursos atópase clasificado en cartafóis de acordo coa estrutura seguinte:

Recursos educativos	Blogues	
	Material creado polo alumnado	I Congreso Escolar ReAcción - CEIDA
		Incubadora de Sondaxes - SGAPEIO
		Investigación Científica – LUIS FREIRE
	Probas de avaliación inicial de competencias	
	Producións audiovisuais	
	Titoriais específicos	
	Unidades didácticas	PDI Promethean
		PDI Smart
Presentacións interactivas e outras		

Para poder ver os recursos que hai en cada un dos cartafóis, non hai máis que acceder dende a presentación interactiva.

##### b. Metodoloxía da súa utilización.

A elaboración de todo este material destaca por dous aspectos básicos: a súa heteroxeneidade, e a súa aplicación nunha dinámica metodolóxica, que ha de ser, forzosamente activa-participativa. Material dixital (unidades didácticas para PDI e outros

formatos), vídeos, curtametraxes, composicións musicais, traballos de investigación científica, concursos externos, deben trascender o horario lectivo e chegar a momentos e espazos diversos, informais e crear un clima que provoque o gusto pola aprendizaxe e o desenvolvemento da competencia de Aprender a Aprender e a Autonomía e Iniciativa persoal. Esta colección de recursos pretende ser un punto de partida motivador, e nese senso, destaca o material elaborado e presentado polas propias alumnas e alumnos, co cal, inverten o seu rol habitual no proceso ensino-aprendizaxe, sendo este último autenticamente significativo.

Hai unidades didácticas de pleno desenvolvemento na aula. Outras, requiren de espazos máis flexibles onde o alumnado poida desenvolver plenamente as súas capacidades físicas, de creación, de comunicación, de experimentación, etc. Algunhas delas foron compartidas ou realizadas con alumnado doutros centros, o que nos enriquece a todas e a todos. E todas e cada unha delas teñen cobertura na nosa revista dixital, para que dentro duns anos o noso alumnado e profesorado lembre o seu paso polo Carlos Casares.

## 5. Instrumentos de avaliación e indicadores de logro

Na seguinte táboa, aparecen as cinco actuacións levadas a cabo, os instrumentos de avaliación utilizados para cada unha delas e os indicadores que nos confirman se foron ou non boas prácticas.

ACTUACIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	INDICADORES DE LOGRO
A mellora da convivencia como base para o éxito escolar	Porcentaxe titulación na ESO > 80%	90% no curso 2012-13
O traballo por proxectos	Mellora na presentación de traballos colectivos a certames externos.	4 grupos presentados ao Premio Luis Freire (un deles finalista). Selección para participar nun Congreso do CEIDA.
A avaliación inicial de competencias	Proba de competencias.	Mellora dos resultados na mesma proba realizada en xuño (acadada)
As posibilidades das novas tecnoloxías	Participación nos proxectos do centro da maior parte do Claustro.	Creación de recursos educativos propios.
Atendendo á diversidade: Contratos-Programa	Reforzo do índice de titulación e motivación cara á excelencia.	Participación en certames externos. Mantemento do elevado índice de titulación.

## 6. Propostas de continuidade e/ou mellora

Hai diferentes aspectos de cada unha das actuacións cos que nos gustaría continuar, se ben debemos ter en conta determinadas modificacións e melloras necesarias para que a viaxe sexa produtiva.

ACTUACIÓN	PROPOSTA DE CONTINUIDADE	PROPOSTA DE MELLORA
1. A mellora da convivencia como base para o éxito escolar	<ul style="list-style-type: none"> <li>Participación nun Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP) no curso 2013-14 e integrado na liña d) Convivencia escolar e clima de aula.</li> <li>Revitalización do proxecto de Cooperación, con actividades específicas para o alumnado máis xove, que non viviu de preto o irmanamento con Bolivia.</li> <li>Participación de novo en Rede de Centros Escolares Solidarios e inclusión no Programa “Cooperación Galega: o mundo que queremos” (Plan Proxecta)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>O descenso do número de mediacións escolares efectuadas non indica necesariamente un descenso no número de conflitos. Nese senso, debemos estar permanentemente alerta.</li> <li>Outro aspecto a mellorar é a integración de novos membros ao Voluntariado e definición precisa das súas tarefas como voluntarios e voluntarias.</li> </ul>
2. O traballo por proxectos	<ul style="list-style-type: none"> <li>Participación no Plan Proxecta, con dous proxectos novos, con respecto ao curso 2012-13.</li> <li>Participación en diferentes certames e concursos literarios, científicos...</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Integración nas diferentes programacións didácticas como ferramenta explícita de traballo, trasladando o traballo por proxectos a todos os cursos da ESO e mesmo ao Bacharelato e ao Ciclo Formativo.</li> </ul>
3. A avaliación inicial de competencias	<ul style="list-style-type: none"> <li>Avaliación final de competencias en xuño (xa que en setembro parte do alumnado do curso anterior xa non está no centro) e comparación coa inicial.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Avaliación inicial progresiva explícita das competencias: aprender a aprender, cultural e artística e autonomía e iniciativa persoal.</li> </ul>

4. As posibilidades das novas tecnoloxías	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Continuación co proxecto ABALAR, coa revista O Choupín e coa Aula Virtual.</li> <li>• Cursiños de formación por parte do profesorado do centro e para o novo profesorado en materia de Pizaras Dixitais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Optimizar os recursos dixitais dos que dispoñemos, na procura dun ambiente natural nas novas aulas dixitais.</li> </ul>
5. Atendendo á diversidade: Contratos-Programa	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Participación en Contratos-Programa no curso 2013-14.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Participación do alumnado en premios relacionados coa excelencia.</li> </ul>

## 7. Conclusións finais

Todo este traballo hoxe condensado nesta memoria, xorde dunha vontade colectiva do profesorado, ANPA e alumnado da nosa comunidade educativa de tratar de crear unha escola na que o meramente académico-conceptual non sexa o centro de interese, e non nos convertamos nun micromundo, alleo a sociedade e á realidade externa. Crear cidadáns críticos, comprometidos cos problemas da súa contorna, sensibles as dificultades económicas, laborais e humanas do mundo actual, e vencellados e comprometidos co uso responsable e optimizado das novas tecnoloxías da información e comunicación é un obxectivo bastante máis ambicioso e ilusionante que cumprir un currículo.

Estas actividades, que illadas poderían semellar un esforzo benintencionado, pero individual dun profesor/a, convertéronse, de xeito organizado, nun instrumento para levar a cabo a pretensión antes citada. De feito, todo o claustro do curso 2012-13 foi participe, cando menos, dunha das actuacións descritas. A denominación deste camiño no noso instituto como “Senda da Convivencia”, amosa o espírito de traballo sempre en execución e sempre perfectible, que despois desta primeira posta en práctica, instala os alicerces para a procura dunha escola viva, cambiante e integrada na sociedade.

## 8. Bibliografía

- *Cuadernos de Educación no Sexista* (cd-rom), Madrid, Instituto de la Mujer, 2012.
- FERNÁNDEZ ENGUITA, Mariano: *Educación en tempos inciertos*, Madrid, Morata, 2006.
- JIMÉNEZ ALEIXANDRE, Marilar: *A expedición do Pacífico*, Vigo, Xerais, 1994.
- *Lexislación da Educación Secundaria Obrigatoria en Galicia*, Santiago de Compostela, Consellería de Educación e O.U., 2008.



- CORTIZAS NAVEIRAS, Emilio: *Actívate con Activinspire*, Creative Commons España 3.0 BY-NC-SA.
- LEY 4/2011, de 30 de junio, de convivencia y participación de la comunidad educativa. DOG Núm. 136 Viernes, 15 de julio de 2011 p. 19676.
- PRIETO NAVARRO, Leonor: *El aprendizaje cooperativo*. Madrid, PPC, 2007.
- TORREGO SEIJO, Juan Carlos: *Mediación de conflictos en instituciones educativas: manual para la formación de mediadores*. Madrid, Narcea, 2003.
- Unidade Didáctica “*En cada rostro igualdade*”, Santiago de Compostela, Seminario Galego de Educación para a Paz, 2006.
- URUÑUELA NÁJERA, Pedro: *Revista Digital Convives (Asociación para la Convivencia positiva en los centros educativos)*.
- VAELLO ORTS, Joan: *Cómo dar clase a los que no quieren*. Barcelona, Santillana, 2007.
- ZAITEGUI DE MIGUEL, Nélida: “*Aprender a ser: competencias para vivir dignamente*”, Organización y gestión educativa: Revista del Fórum Europeo de Administradores de la Educación, , Vol. 13, N° 5, 2005, pág. 13.